

# O intervencionismo de EUA en Latinoamérica

*Xoán Anllo*

**E**ste traballo tivo unha primeira versión en maio de 1975, en Xenebra, Suíza. Traballaba eu daquela na Oficina das Nacións Unidas como tradutor. No ano 1972 fora a traballar a Santiago de Chile un mes e medio na III Conferencia das Nacións Unidas sobre Comercio e Desenvolvemento e puíden, coa axuda de amigos chilenos, observar con certa atención o proceso político do Goberno da Unidade Popular, con Salvador Allende como presidente, e os atrancos que a dereita e a extrema e dereita, coa axuda de EUA, estaban poñendo a ese goberno.

A situación xa era moi tensa, e algo máis dun ano despois da miña estancia en Chile, tivo lugar o golpe de estado de setembro de 1973. Poucos días despois do golpe creouse en Xenebra, por iniciativa de varios grupos autónomos, un Comité de Apoio ao Pobo Chileno en que me integrei. Este comité foi moi activo na organización en Suíza dun apoio á resistencia chilena con manifestacións, mítins, concertos de solidariedade, axuda aos refuxiados políticos, recadación de fondos para a resistencia, apoio loxístico aos exiliados que viñan a declarar ante o Grupo Especial de Estudo sobre a situación dos dereitos humanos en Chile, creado pola entón Comisión de Dereitos Humanos das Nacións Unidas, etc. Tamén se redactaron informes técnicos, e un deles foi este traballo que me ofrecín a escribir para que o Comité de Apoio ao Pobo Chileno o presentase na reunión que ía ter o Tribunal Russell II, presidido por Lelio Basso, en Italia. Esta segunda reunión do Tribunal Rusell II dedicada a Latinoamérica tiña por obxecto discutir particularmente os principais mecanismos de dominación estranxeira aplicados coa complicidade dos gobernos latinoamericanos do momento.

O traballo de 1975 tiña dúas partes: a primeira era unha exposición das distintas fases do intervencionismo de EUA en Latinoamérica, e a segunda, unha descrición dos medios empregados (políticos, económicos, militares, de intelixencia e sindicais) para levar a cabo ese intervencionismo. No traballo orixinal de 1975, a primeira parte era bastante resumida. A exposición que os lectores teñen diante súa é máis extensa porque tratei de presentar con máis detalle as diferentes doutrinas do intervencionismo e os episodios de intervención directa dende 1946.

## **Introdución**

---

Os EUA, dende a súa creación como Estado independente, buscou sempre expandir o seu poder fóra das súas fronteiras xeográficas. A tal efecto utilizou o seu enorme poder económico, pero cada vez que os seus dirixentes o creron necesario, non dubidaron moito en recorrer ao seu poder militar. Parafraseando a dicotomía de

Joseph Nye, non vacilaron en empregar o poder “duro” cando, para defender os seus intereses estratéxicos, non lles bastaba con usar o poder “brando”. Isto sábeno ben en Latinoamérica.

En 1951, a Imprenta Oficial da Administración de EUA publicou un informe, o nº 127, da Cámara de Representantes titulado *Background Information on the Use of United States Armed Forces in Foreign Countries*, que inclúe no capítulo II unha lista de casos de utilización das forzas armadas dos EUA no estranxeiro entre 1798 e 1945: o total elévase a 159. Se contamos os casos de uso da forza militar por EUA en distintos países de Latinoamérica, obtemos a lista seguinte:

<b>País</b>	<b>Intervencións</b>	<b>País</b>	<b>Intervencións</b>
Arxentina .....	3	Brasil .....	1
Colombia .....	8	Cuba .....	8
Chile .....	1	Haití .....	2
Guatemala .....	1	Honduras .....	9
México .....	14	Nicaragua .....	10
Panamá .....	9	Paraguai .....	1
Puerto Rico .....	1	Perú .....	2
República Dominicana ....	4	Uruguai .....	3

A esta lista habería que lle engadir as intervencións ocorridas dende 1945. As intervencións con uso da forza armada producíronse en todos os continentes. Significo o desembarco de 162 infantes de mariña e mariñeiros estadounidenses do navío Boston o 16 de xaneiro de 1893, que foi o inicio da operación artellada co apoio da Administración do presidente Benjamin Harrison para anexionar Hawaii, bastante parecida á que se montou en novembro de 1903 para a secesión de Panamá de Colombia.

Unha constante das accións con uso de forzas armadas nese longo período de 1798 a 1945 é utilizar como pretexto a protección de vidas e propiedades estadounidenses. Por exemplo, en Nicaragua en 1896 e 1898 en Corinto e en San Juan del Sur, respectivamente, ou en Panamá en 1904 en Ancón ante a ameaza dunha insurrección, ou en Honduras en 1912 para impedir a incautación polo Goberno hondureño dunha compañía ferroviaria de propiedade estadounidense en Puerto Cortez.

Na citada listaxe aparece mencionado o desembarco dunha forza estadounidense en 1824 en Puerto Rico cando era colonia española, pero non menciona para nada o desembarco en Guánica o 25 de xullo de 1898 dun destacamento de infantes de mariña da cañoneira Glicester, apoderándose da vila e izando a bandeira ianqui na alfándega: ese foi o día en que EUA tomaron o control efectivo da illa, que na Conferencia de París do mes de decembro lles foi concedida por España. Pero o plan estaba trazado desde antes, e xa na primavera de 1898, Theodore Roosevelt, que estaba preparándose para ir a Cuba, envioulle ao senador Henry Cabot Lodge unha carta en que lle dicía: “Non firmedes a paz ata que teñamos no noso poder a Puerto Rico”.

Durante o goberno en Madrid de Práxedes Mateo Sagasta, ofrecéuselle a autonomía a Cuba, que a rexeitou, e a Puerto Rico, onde os seus habitantes elixiron unha Cámara de Representantes o 27 de marzo, pero o 12 de maio unha flota de sete buques de guerra estadounidenses tomaron posicións fronte a San Juan, abriron fogo contra a cidade, e mantiveron un bloqueo naval nos dous meses seguintes. O 17 de xullo un goberno portorriqueño presidido por Luís Muñoz Rivera comezou a funcionar, pero soamente durou oito días, quedando dende entón a illa en mans de EUA.

Como poderá comprobarse no presente estudo, ao expor as distintas fases polas que ten pasado o intervencionismo de EUA en Latinoamérica, hai dous períodos de intenso intervencionismo: os tres primeiros decenios do século XX, especialmente durante os mandatos dos presidentes Theodore Roosevelt e Wilson, e os anos dos mandatos dos presidentes Johnson (1963-1968), Nixon (1968-1974) e Reagan (1981-1989). Con George Bush pai ten lugar a última intervención armada directa: a invasión de Panamá en 1989. Carter e Clinton seguirán con Latinoamérica unha política menos intervencionista, e hoxe en día pódese dicir que Colombia é a que está sendo obxecto, con George Bush Jr., dunha política de intervención intensa co chamado Plan Colombia; á parte, claro está, do fustrigamento e embargo contra Cuba que dura dende a época de Eisenhower e que foi seguido por todos os presidentes sen excepción e que mesmo se reforzou nos últimos tempos.

A razón deste menor intervencionismo podería residir no feito de que, coa caída das ditaduras do Cono Sur e a aparición de réximes de centro-esquerda en varios países da zona, Latinoamérica preocupa doutra maneira en Washington. Ademais, coa desaparición da URSS e a caída dos réximes socialistas da Europa oriental, o “perigo comunista” xa non é un factor que pese na política exterior de EUA en Latinoamérica, se ben a Venezuela de Chávez volve a axitar aquela pantasma nos miles dos “neocons” que mandan hoxe en Washington, e que ven en Chávez un risco de “cubanización” de Venezuela e mesmo de Bolivia e Ecuador. Aínda así, Venezuela segue exportando a mesma cantidade de petróleo a EUA, e se Chávez decidise pecharlle a billa, Washington podería consideralo un *casus belli*.

Hai outros factores que explicarían porque EUA non interveñen tan directamente en Latinoamérica como o fixeron noutras épocas. Dunha banda, aos EUA preocupalle máis a rivalidade económica de China e a situación inestable en Oriente Próximo. E preocúpalle moito o terrorismo islamita, mentres que en Latinoamérica este problema non existe.

Outro factor é o control do petróleo, e por iso están tan concentrados no que acontece en Iraq e Irán. Finalmente, ao estar atrapados en dúas fronteas militares (Afganistán e Iraq, e pode que pronto en Somalia), terían problemas de efectivos militares e de recursos financeiros para acometer intervencións directas como as levadas a cabo na República Dominicana en 1965 ou en Panamá de 1989 en Vene-

zuela ou na Bolivia de hoxe (tampouco contan hoxe xa coas mesmas instalacións militares que antes tiñan no Canal de Panamá).

Todo o máis que teñen é a capacidade de promover accións desestabilizadoras ou de intervencións de baixa intensidade como é o Plan Colombia, e por suposto teñen sempre a arma das represalias e sancións económicas e comerciais ou os ataques aéreos e navais selectivos. Ademais terían dificultades no Consello de Seguridade da ONU para impoñer medidas de coacción en Latinoamérica contra Chávez ou Evo Morales, e mesmo na OEA.

EUA mantén unha posición de pasividade cos países que sempre consideraron o seu “curral traseiro”, feito que ven indicado pola reducidísima cifra de axuda exterior total ianqui a Latinoamérica, e que nun 50% é acaparada por Colombia. Pero ignórase o que acontecerá en trinta ou corenta anos, a medida que os recursos petroleiros e outras materias primas vaian esgotándose, pois nese caso, se o considerasen primordial para a súa hexemonía, poderían volver a practicar a política do “gran estadullo” e o intervencionismo directo. Intentárono en boa medida coa participación no golpe de Estado contra Chávez en abril de 2002, e fracasou, xa que ao estaren tan absortos coa problemática de Iraq, Irán e Oriente Medio (Palestina e Líbano), Latinoamérica non é o foco principal das súas teimas.

## **O intervencionismo de EUA en Latinoamérica**

---

“Dediquei 33 anos e 4 meses ao servizo na forza militar máis áxil do noso país: a infantería de mariña. Durante todo ese período consagrei a meirande parte do meu tempo a servir aos intereses das grandes empresas, Wall Street e aos banqueiros. Resumindo, fun un gánster ás ordes do capitalismo [...] Axudei a facer de México, e particularmente de Tampico, un lugar seguro para os intereses petroleiros de EUA en 1914. Axudei a facer de Haití e de Cuba lugares seguros para que os donos do National City Bank puidesen cobrar os seus réditos. Colaborei para obrigar a Nicaragua a respectar as súas obrigas co banco internacional Brown Brothers en 1919-1922. Aclarei a situación en 1916 na República Dominicana pola conta dos intereses dos azucreiros de EUA. Contribuíñ a obrigar a Honduras a manter unha política “adecuada” coas compañías bananeiras estadounidenses en 1903 [...] Durante todos eses anos recompensáronme con honores, medallas e ascensos. Se ollo cara atrás, penso que mesmo lle puidera dar algúns consellos a Al Capone: este tivo que se contentar con realizar os seus sucios negocios como moito en tres distritos da vila de Chicago, mentres que nós, os infantes de mariña, operamos en tres continentes”. (Smedley D. Butler, xeneral de brigada do Corpo de Infantería de Mariña de EUA, en *Common Sense*, novembro de 1935).

O intervencionismo de EUA en Latinoamérica remóntase aos primeiros anos da súa existencia como país independente. A política de intervención de EUA ten atravesado as fases seguintes:

### **Panamericanismo inicial: 1776-1825**

“O noso pobo cre firmemente que debemos ter a nosa parte na ocupación do océano [...] e que temos que seguir unha política que lle de o acceso máis vasto e posible a ese elemento. Mais, cales serán as consecuencias? Guerras frecuentes, sen ningunha dúbida! É o prezo que teremos que pagar para poder comerciar no océano e noutros países”. (Carta de Thomas Jefferson a John Hay, 23 de agosto de 1785).

Durante esta etapa sucedéronse numerosas intervencións en Cuba, Puerto Rico, o golfo de México e a Florida.

### **Doutrina Monroe, primeira fase: 1823-1847**

O presidente James Monroe, na súa mensaxe do 2 de decembro de 1823, enunciou a doutrina que levaría o seu nome e que tiña como finalidade evitar que as potencias europeas competisen con EUA polo control do hemisferio occidental. A pasaxe fundamental da citada mensaxe di así:

“Debemos declarar que consideraremos todo intento pola súa parte de levar o seu sistema a calquera porción deste hemisferio como perigoso para a nosa paz e a nosa seguridade. Nós non interferimos nin interferiremos en ningunha das colonias ou dependencias de ningunha potencia europea. Pero con respecto aos gobernos que xa teñen declarada a súa independencia e a manteñen, independencia que nós recoñecemos despois de maduras consideracións e baseándonos en principios xustos, non poderemos permitir intervención algunha por parte de calquera potencia europea que teña como propósito oprimir a eses gobernos ou controlar de calquera xeito o seu destino, e a consideraríamos como unha mostra de inimizade cara EUA”.

A esta doutrina seguiu unha longa listaxe de intervencións en América Latina: Cuba, Illas Malvinas, Arxentina, Perú, México, etc. A intervención nas Illas Malvinas supuxo a perda destas illas para Arxentina. No caso de México supuxo a anexión por EUA de Arizona, California, Colorado, Nevada, New México, Texas e Utah.

O presidente James K. Polk, para xustificala, ampliou en 1845 a Doutrina Monroe nestes termos: “A rápida extensión da nosa poboación a territorios nosos antes desocupados, a unión de novos estados á nosa Confederación e [...] a nosa grandeza nacional están chamando a atención das potencias europeas e despertando nelas a idea dun equilibrio de poderes neste continente para poder controlar o noso avance [...] EUA [...] non pode admitir en silencio ningunha inxerencia europea no continente norteamericano, e de chegar a intentala, estaríamos preparados para resistila a calquera prezo”.

### **Destino manifesto: 1846-1898**

O termo “destino manifesto” foi inventado en 1847 polo político estadounidense John L. O’Sullivan para xustificar o expansionismo territorial ianqui, que para el era non soamente inevitable senón tamén un propósito inspirado por Deus:

“Está no destino da nosa raza estenderse por toda a América do Norte [...] A emigración seguirá cara o Sur, e ninguén poderá detela. Dentro de pouco tempo, a América central terá unha poboación anglo-estadounidense, que traballará para o ben dos indíxenas”. (Presidente Buchanan, mensaxe do 7 de xaneiro de 1857).

“A nosa forma de goberno está adaptada ao home civilizado en tódalas partes do mundo. O noso país é grande, pero non fixemos máis que comezar [...] O noso destino é facernos donos do comercio en tódolos océanos e empuñar o cetro mundial”. (Donnelly, congresista por Minnesota, 1868).

A listaxe de intervencións inclúe: México en 1846-1848 (perde 2,5 millóns de km<sup>2</sup>), Arxentina, Nicaragua, Uruguai, Panamá (Colombia), Paraguai, Colombia, Chile, Brasil, Cuba (en 1898, e as tropas ianquis quedaron alí catro anos). EUA impoñen a emenda Platt en 1902, que lles da dereito de intervir nos asuntos cubanos. En 1903 obteñen a base de Guantánamo, por un aluguer anual de 2.000 dólares, logo aumentado a 5.000 dólares; en 1934 renegociouse o tratado, que esixe o consentimento dos dous Estados para derogalo, o que significa hoxe en día que EUA quedará en Guantánamo o tempo que queiran, utilizándoo nos últimos tempos como prisión militar para “combatentes inimigos”.

Eses tratados converteron a Cuba nun “protectorado” ianqui, que lle permitirá a EUA intervir militarmente en Cuba en 1906-09, 1912, e 1917-22, e en Puerto Rico, que se converte nunha colonia estadounidense.

### **Gran estadullo (*big stick*)**

---

“Falar quedo e levar un gran estadullo; deste xeito chegaremos lonxe”. Así definiu Theodore Roosevelt a política do *big stick*. T. Roosevelt (presidente de 1901 a 1909) proclamou o chamado “Corolario Roosevelt á Doutrina Monroe” na súa mensaxe anual do 6 de decembro de 1904, que facía de EUA o “policía” do hemisferio occidental.

O Corolario dicía o seguinte: “Unha conduta reiterada de transgresións, ou unha situación de impotencia que cause unha quebra xeral do tecido dunha sociedade civilizada, poden esixir, en último termo, na América, como en calquera outra parte, a intervención dunha nación civilizada, e no hemisferio occidental a fidelidade de EUA á Doutrina Monroe pode forzar a EUA, aínda que non o desexen, en caso flagrante de tal conduta ou de tal impotencia, a exercitar un poder internacional policial [...] Os intereses nosos e os dos nosos veciños do Sur son en realidade idénticos [...] Mentres eles respecten as leis básicas de toda sociedade civilizada, poden estar seguros de que os trataremos con un espírito de cordialidade e axuda. Nós interviriamos nos seus asuntos soamente en derradeira instancia, e só cando sexa evidente que a súa incapacidade e a súa falta de boa vontade para impor a xustiza no seu territorio ou fora del lesionan os dereitos de EUA”.

“Non pode haber no que imos facer ningunha intención agresiva, nin tampouco egoísta. O que buscamos é manter a dignidade e autoridade de EUA, e isto soamente porque queremos manter sempre a nosa influencia sen competidores, para o exercicio da liberdade, tanto en EUA como en calquera outro lugar en que poda ser usada en beneficio da Humanidade”. (Presidente Woodrow Wilson na petición cursada o 20 de abril de 1914 ao Congreso para enviar tropas a México tras o incidente de Tampico).

“EUA animaron e apoiaron con agrado aos banqueiros estadounidenses que se amosaron dispostos a botar unha man para axudar á rehabilitación financeira deses países (os do Caribe e a zona do Canal de Panamá) porque esa rehabilitación e a protección das súas alfándegas para impedir que sexan presa de posibles ditadores eliminarían dunha labazada a ameaza dos acredores estranxeiros e máis a ameaza dunha desorde revolucionaria”. (Presidente William Howard Taft, na mensaxe ao Congreso do 3 de decembro de 1912, que sentou as bases da chamada “diplomacia do dólar”, tras a intervención en Nicaragua dese ano).

O secretario de Estado de Taft, Philander C. Knox, pensaba que era perfectamente normal que EUA se incautara dos ingresos aduaneiros doutros países para que non puideran pasar a mans de “revolucións devastadoras e sen principios”, pero Knox non tardou en ver que para que tivera eficacia a nosa diplomacia cos países centroamericanos, EUA debía, ademais, apoiarse no “efecto moral” do poder naval ianqui.

A listaxe de intervencións neste período inclúen:

- Colombia (1901, 1902).
- Costa Rica (1921).
- Cuba (1906, 1909, 1912, 1922, 1933).
- Guatemala (1920).
- Honduras (1903, 1907, 1911, 1912, 1919).
- México (1913, 1914-17, 1918, 1919).
- Nicaragua (1910, 1912-25, 1926-33).

En Nicaragua, en 1926, desembarcou un corpo expedicionario de infantaría de Mariña de EUA para combater contra as forzas populares dirixidas por Augusto César Sandino, que morrería asasinado por orde do xeneral Anastasio Somoza en 1934. En 1936, este, que fora imposto por EUA como comandante da nova Guarda Nacional creada e preparada por EUA, apoderouse do poder, e durante 43 anos a dinastía dos Somoza dirixiu o país coma se fose unha finca propia.

En Panamá (1903-1914, 1918, 1920, 1921, 1925), a intervención de 1903 consistirá en apoiar unha “rebelión independentista” orquestrada polo enxeñeiro francés Bunau-Varilla, que pagou 100.000 dólares de entón aos conspiradores. Bunau-Varilla suxeriu ao propio Theodore Roosevelt a solución dunha “revolución” na provincia colombiana de Panamá na entrevista que mantivo con este na Casa

Branca o 22 de outubro de 1903, despois de que o Senado colombiano refusara en agosto ratificar o Tratado Hay-Herrán de xaneiro de 1903 polo que o goberno colombiano autorizaba á “Compañía Nueva del Canal de Panamá” a vender a EUA os dereitos e propiedades que tiña na zona e a exclusividade da construción dun canal e a súa explotación durante cen anos. O 3 de novembro estala a rebelión e ao día seguinte pola mañá desembarcan os infantés de mariña ianquis do buque “Nashville”.

Que a axuda norteamericana á rebelión estaba planeada demóstrao o feito de que o secretario de Estado Hay deulle a Bunau-Varilla seguranzas ben claras: “A revolución de Panamá non nos collerá desprevidos. Xa se deron ordes no Pacífico para que as forzas navais norteamericanas vaian achegándose ao istmo”. O 17 de novembro, Hay e Bunau-Varilla firman un novo tratado que é copia practicamente do tratado Hay-Herrán, pero antes, o 6 de novembro, xa EUA recoñeceran á nova República de Panamá, violando así o Tratado Mallarino-Bidlack de 1846 polo que EUA se comprometían a garantir, no artigo XXXV, “os dereitos de soberanía e propiedade que a Nova Granada (o nome de entón de Colombia) ten sobre dito territorio (o istmo)”.

Deste xeito, EUA gardaron o canal e a zona ata que o presidente panameño Omar Torrijos conseguiu negociar co presidente James Carter en 1977 a devolución do Canal de Panamá, aínda que EUA reserváronse o dereito a intervir militarmente na zona do Canal para garantir a seguridade e a liberdade do tráfico polo canal. EUA pagou anualmente a Panamá 250.000 dólares entre 1903 e 1914, 430.000 entre 1914 e 1955, e 1.930.000 dende 1955.

A título de comparación, cabe sinalar que EUA recadou 113 millóns de dólares en 1973 e 101 millóns en 1972 por dereitos de paso polo canal. En marzo de 1911, na Universidade de California, Theodore Roosevelt, explicando a súa actuación no asunto do canal, pronunciou esta famosa frase: “Eu tomei a zona do Canal e deixei ao Congreso que discutira o asunto. Mentres o debate continuaba, o canal ía adiante”.

En República Dominicana (1903, 1904, 1914, 1916-24), a organización polos militares estadounidenses, tras a intervención de 1916, dunha nova Guarda Nacional, permitiralle ao xeneral Rafael Leónidas Trujillo, que contou co apoio dos instrutores da infantaría de Mariña ianqui que adestraron esa garda, ascender rapidamente a comandante en xefe da Guarda Nacional e prepararse para tomar o poder o 16 de agosto de 1930, comezando unha longa ditadura que durou ata o seu asasinato en maio de 1961, nunha conspiración que contou co apoio da CIA.

### **Boa veciñanza: 1933-1946**

---

O 4 de marzo de 1933, Franklin D. Roosevelt comprométese a seguir unha política de “boa veciñanza” con Latinoamérica, e o 28 de decembro rexeita a idea da intervención armada. Nesta fase, EUA rematan a conquista económica de Latinoamérica e consolidan o seu dominio político a costa dos demais imperialismos.

Pera esta nova política de Roosevelt tivo a súa orixe no “Memorando Clark” de 1930 sobre a Doutrina Monroe, no que o autor, funcionario do Departamento de Estado, sen rexeitar a Doutrina Monroe nin o Corolario de Theodore Roosevelt, deulle ao dereito de intervención de EUA unha base diferente: a defensa dos intereses estadounidenses contra calquera ameaza, incluídos os perigos internos.

Franklin D. Roosevelt pasou do intervencionismo militar ao intervencionismo político e económico con tres eixes: aceptou as ditaduras de O Salvador, Guatemala, Honduras e Nicaragua; substituíu o financiamento da banca ianqui pola do Estado norteamericano en Centroamérica como consecuencia da política chamada de “Novo Trato” (New Deal); e estableceu en 1938 un novo Comité de Enlace coa finalidade de que funcionarios do Departamento de Estado, a Mariña e o Departamento de Guerra puideran estreitar as relacións entre os militares estadounidenses e latinoamericanos.

Tampouco hai que esquecer que Roosevelt invitou ao ditador nicaraguano Anastasio Somoza a Washington. E Roosevelt dirá de “Tacho” Somoza aquela famosa frase: “He is a son of a bitch, but he is our son of bitch”. Mais a verdadeira razón que moveu a Franklin D. Roosevelt a ese xiro na política de EUA, substituíndo o intervencionismo armado pola non intervención nos asuntos internos, foi contar co apoio e as materias primas dos países latinoamericanos fronte a ameaza da Alemaña nazi, e por iso as promesas de non intervención feitas polo goberno de EUA en Montevideo (1933), Bos Aires (1936) e Lima (1938).

### **Doutrina Monroe-segunda fase: 1946 en diante**

---

A salvagarda da seguridade nacional obriga aos EUA a se encargar de protexer os seus intereses estratéxicos onde queira que sexa. O corolario é a necesidade evidente de reaccionar rapidamente contra toda acción armada que prexudique directamente os nosos intereses. (Informe nº 127 da Cámara de Representantes do Congreso, Washington, 1951).

Co remate da II Guerra Mundial e o comezo da “guerra fría”, a EUA interésalle principalmente protexer o hemisferio occidental contra a penetración comunista e ter o dominio dos recursos naturais latinoamericanos. Os homes do Pentágono esixiron controlar eles as materias primas deses países mediante un sistema militar latinoamericano baseado na estandarización do material militar e nunha estrutura de mando dominada polo Pentágono, política á que se opuxo o Departamento de Estado co argumento de que moitas nacións latinoamericanas non se podían custear tal militarización.

En marzo de 1947, o presidente Harry S. Truman decidiu en favor do Departamento de Defensa con esta nota persoal: “penso que os pantalóns de raias –os diplomáticos– intentan dirixir eles a América do Sur. Non se lles permitirá facelo”. Seis meses despois, as teses do Estado Maior Conxunto de EUA triunfou coa firma

do Tratado Interamericano de Asistencia Recíproca en Río de Janeiro en setembro de 1947, reforzado coa firma da Carta de Bogotá en abril de 1948 que creou a Organización de Estados Americanos (OEA).

Os dous tratados baséanse nos artigos 51 a 53 da Carta das Nacións Unidas, e a diplomacia ianqui tiña interese en adoptar ambos tratados porque precisamente eses artigos da ONU autorizan o establecemento de acordos ou organismos rexionais que nunha emerxencia poden actuar fóra do marco da ONU ata que esta organización adopte algunha medida. Os artigos 51 a 53 da Carta da ONU incluíronse nela pola presión de Nelson Rockefeller e de congresistas que non querían que a ONU puidese intervir no hemisferio occidental.

É certo que os artigos 15 e 17 da Carta de Bogotá prohiben a intervención directa ou indirecta nos asuntos internos ou externos doutro estado, así como o uso da forza armada ou de calquera outra forma de inxerencia ou intento de ameaza, pero EUA premeu para engadir unha cláusula que autoriza a adopción de medidas para “o mantemento da paz e da seguridade de conformidade cos tratados existentes”. Con este requisito legal, EUA gardaba o dereito de intervir na rexión.

Ademais, o secretario Adxunto de Estado para Asuntos Interamericanos, Edward Miller, proclamou a Doutrina Miller en maio de 1950, que foi cualificada por certos analistas como o equivalente da doutrina da “soberanía limitada” do presidente soviético Leonid Brezhnev de 1968. O que dixo Miller foi: “A doutrina da non intervención endexamais impediu que a comunidade organizada tivese unha preocupación lexítima ante calquera circunstancia que fose unha ameaza para o benestar común [...] Ese compromiso colectivo, lonxe de representar unha intervención, é a alternativa á intervención. É o corolario da non intervención”.

Con isto, Miller argumentaba que unha intervención colectiva no cadro da OEA non era unha cousa mala senón mesmo necesaria en ocasións, e engadía que o Pacto de Río pasará a ser a “Doutrina Monroe da nosa comunidade interamericana”. A Doutrina Miller foi a antesala das intervencións, abertas ou encubertas, que EUA levaron a cabo en Latinoamérica dende o decenio de 1950.

Este intervencionismo deuse nas sucesivas administracións de Eisenhower, Kennedy, Johnson, Nixon, Ford, Carter e Reagan. E ese intervencionismo practícase por medo á penetración do bloque soviético no hemisferio, medo que se acentuou co triunfo da revolución cubana. Xa a comezos de 1956 no documento de seguridade nacional nº 5.613 introduciuse un cambio pola presión do Estado Maior Conxunto das Forzas Armadas estadounidenses que establecía que en caso de que os lazos entre os países da rexión e o bloque soviético prexudicasen “os nosos intereses vitais”, EUA estaría disposto a “utilizar medidas políticas, económicas e militares para debilitar o bloque soviético”.

O borrador anterior mencionaba soamente de medidas económicas, pero con este cambio, o Consello de Seguridade Nacional aceptou formalmente a Doutrina Miller citada. Eisenhower aceptou a suxestión do Estado Maior Conxunto, o que

significaba que unha acción militar unilateral de EUA ía a ter prioridade sobre os tratados da OEA ou de Río.

Mesmo Kennedy, a pesar de lanzar o programa da Alianza para o Progreso, adoptou unha posición de intervencionismo directo: o 20 de abril de 1961, nun discurso co expresivo título de “As leccións de Cuba”, fixou así os límites da non intervención: “Se resultase que a doutrina interamericana da non intervención serve simplemente para ocultar ou escusar unha política de pasividade, en caso de que as nacións deste hemisferio non cumprisen cos seus compromisos de oporse a unha penetración comunista exterior, quero que quede claramente entendido que este Goberno non dúbida en cumprir coas súas obrigas fundamentais, que son defender a seguridade da nosa nación”.

Un mes antes deste discurso, Kennedy autorizaba a operación de baía de Cochinos e, en 1962, decretaría o bloqueo de Cuba cando o crise dos mísiles.

Soamente con Carter freouse bastante o intervencionismo, ao situar como eixe da súa política exterior os dereitos humanos. Con Reagan, o intervencionismo foi moi agresivo e apoiouse moito na acción militar. No plano ideolóxico, esa política terá unha base importante nas recomendacións que fai en 1980 o chamado Comité de Santa Fe (dependente do moi dereitista Council for Inter-American Security) nun documento titulado “A new Inter-American Policy for the Eighties”: nel, ese comité afirma que a única alternativa ao poder da Unión Soviética é a “contraproxección mundial do poder estadounidense” e que esa “proxección do poder mundial de EUA esixe un Caribe que colabore e unha Sudamérica que apoie”.

Dada a importancia económica e estratéxica que esas dúas rexións teñen para a economía e o poder estadounidense, e coa Cuba socialista de por medio, a Administración Reagan fará todo por controlar o “patio traseiro”, por medios militares se é necesario. Como dirá o Asesor de Seguridade Nacional de Reagan, Richard Allen, “rexeitar o uso da forza militar no hemisferio é saírse dos límites dunha acción razoable. O poder militar de EUA foi sempre a base para desenvolver unha política exterior xusta e humana, e é algo do que teríamos que estar orgullosos”. A Administración Reagan, con Alexander Haig no Departamento de Estado, non dúbida en exercer ese poder en Grenada e Nicaragua.

### **Listaxe de intervencións (directas ou indirectas)**

---

#### **Bolivia**

a) 1967. Envío de axentes da CIA e de expertos das forzas especiais para axudar ao exército boliviano a capturar de Ernesto “Che” Guevara.

#### **Brasil**

a) 1964. Apoio político, económico e militar ás sucesivas ditaduras militares que comezan co golpe contra João Goulart en 1964, en que interveñen o embaixador Gordon e máis o agregado militar daquela, Vernon Walters.

## Chile

a) 1964. Apoio a Frei nas eleccións dese ano para evitar que Salvador Allende puidese ganalas. Entrega de 20 millóns de dólares á campaña de Frei. Envío de 45 oficiais militares en 1963 a Chile, ademais dos 16 agregados militares da embaixada en Santiago.

b) 1973. Golpe militar contra o goberno de Salvador Allende. Antes das eleccións de setembro de 1970, xa comezaron os esforzos da Administración Nixon para impedir que Allende as gañase. O 4 de xuño de 1970 houbo unha reunión do Comité dos 40, que presidía Kissinger, en que se aprobou un plan para apoiar aos outros dous candidatos. Kissinger dixo daquela unha frase que sería famosa: “Non vexo porque temos que quedarnos sen facer nada e ver como un país se fai comunista debido á irresponsabilidade do seu propio pobo”. O Comité dos 40 autorizou á CIA a gastar 6,5 millóns de dólares en “esforzos de desestabilización” contra o goberno de Allende, segundo declarou William Colby, director da CIA, en 1974 na Comisión de Asuntos Exteriores da Cámara de Representantes. O 18 de setembro de 1970 xa aprobaran dous planos contra Allende: Track I, un plano político para conseguir que o Congreso chileno non votase a Allende; e Track II, o plano secreto de operacións da CIA para fomentar un golpe militar. De feito, este plano foi o que se levou a cabo en setembro de 1973. Para iso creouse na CIA un Grupo Especial sobre Chile.

A desestabilización consistiu en financiar folgas de camioneiros e de mineiros do cobre; aos partidos Nacional e Demócrata Cristiano, a xornais como *El Mercurio*; cortar practicamente as exportacións estadounidenses a Chile, o que interrompe a chegada de pezas de reposto; cortar a axuda económica; vetar a concesión de créditos polo Banco Interamericano de Reconstrución e Fomento (BIRF) e o Banco Interamericano de Desenvolvemento (BID), etc. Ao mesmo tempo auméntase a axuda militar ás forzas armadas chilenas. Nos días previos ao golpe, houbo unha presenza militar estadounidense preto de Chile e mesmo no país.

## Cuba

a) 1961. Invasión en abril en praia Girón (ou baía de Cochinos). A preparación comezou coa Administración Eisenhower e concretouse o 16 de marzo de 1960 coa aprobación do *Plano Pluto*, financiado cunha partida de 15 millóns de dólares. É o director da CIA, Foster Allen Dulles, quen supervisa a execución.

O 18 de agosto, Eisenhower aproba o plano, e móntase unha base, Camp Trax, na serra Madre de Guatemala, para adestrar unha forza paramilitar de exiliados cubanos. En novembro, o *Plano Pluto* é reconvertido para levar a cabo unha invasión convencional; o novo tipo de operación apróbase o 6 de decembro de 1960, e fíxase a data para marzo de 1961. O presidente Kennedy herdará o plano e aprobara finalmente o 16 de marzo de 1961. A invasión móntase desde Puerto Cabezas, en Nicaragua, e dáselle o nome de *Trampoline*. A invasión tivo lugar o 17 de abril de 1961 e foi un fracaso.

b) 1961-62. Tras o desastre da invasión de praia Girón, a Administración Kennedy monta a operación *Mongoose* para levar a cabo sabotaxes e incursións en Cuba. Será Robert Kennedy, o ministro de Xustiza, quen supervisará a operación no cadro do Grupo Especial do Consello Nacional de Seguridade (CNS). Será unha das maiores operacións da CIA, contará cun orzamento anual de 50 millóns de dólares e terá a súa base en Florida. Durará ata a súa cancelación polo CNS o 30 de outubro de 1962, cando estalou a crise dos mísiles.

c) 1962. Crise dos mísiles en outubro. Os EUA decretan o bloqueo naval de Cuba tras conseguir o presidente Kennedy que o Órgano de Consulta da OEA (Organización de Estados Americanos) aprobe unha resolución autorizando o emprego da forza e mais o bloqueo.

Antes da crise, Kennedy decreta, en febreiro de 1962, o embargo total contra Cuba e ademais consegue a expulsión da illa da OEA na VIII Reunión de Consulta convocada por Perú, invocando o artigo 6 do Tratado de Río (que soamente se refire á agresión armada) e celebrada en Punta del Este en xaneiro de 1962.

d) 1960-1965. Oito intentos de asasinato de Fidel Castro. Un deles consistiu en lle regalar un traxe de mergullo que lle debía levar o avogado e ex-coronel de infantaría de mariña, James Donovan, que negociaba con Cuba a canle de prisioneiros cubanos da invasión de baía de Cochinos. O traxe ía impregnado de fungos para causar unha enfermidade crónica da pel e do bacilo da tuberculose. O traxe entregouno a CIA ao avogado John Nolan para que llo dese a Donovan, pero Nolan, que non sabía nada do plan, tivo a precaución de mercar outro traxe porque quizais sospeitou algo.

e) 1981. Exclusión de Cuba por Reagan dos beneficios da Iniciativa para a Conca do Caribe.

f) 1990. Emenda Mack: prohíbe a filiais de empresas estadounidenses comerciar con Cuba e investir na illa. É vetada por George Bush pai ante as protestas dos países aliados.

g) 1992. Lei Torricelli ou *Lei para a democracia en Cuba*: incorpora a emenda Mack e prohíbe aos barcos que atraquen en portos cubanos entrar en portos dos EUA durante 180 días, con confiscación dos barcos en caso de infracción; ademais habilita fondos para financiar organizacións disidentes dentro e fóra de Cuba.

h) 1996. Clinton firma a Lei de solidariedade coa liberdade e a democracia en Cuba ou Lei Helms-Burton, que prohíbe a terceiros países e a persoas físicas ou xurídicas comerciar con Cuba, e autoriza aos cubano-estadounidenses a demandar ante os tribunais de EUA ás empresas ou persoas que exploten propiedades confiscadas polo Estado cubano. Esta lei creará serios problemas á Administración Clinton coa CEE, polo que decide non aplicar esa lei na súa totalidade.

## Grenada

a) 1983. Invasión o 25 de outubro: Operación *Urgent Fury*, con desembarco de 2.000 infantas de mariña e tropas de asalto. A escusa da Administración Reagan

é protexer a varios centos de estudantes estadounidenses despois do golpe do xeneral Austin contra o Goberno de Maurice Bishop o 19 de outubro. Mais detrás estaba a motivación estratéxica de Reagan de impedir, segundo el, que Grenada se convertese nunha base de influencia cubana e o medo a que a Unión Soviética situase avións no aeroporto que o Goberno de Bishop comezara a ampliar.

Non se debe esquecer que no documento do Comité de Santa Fe para a campaña electoral de Reagan de 1981 xa se afirmaba que Grenada formaba parte con Cuba e Nicaragua dunha conspiración comunista dirixida pola URSS e que Grenada era unha ameaza directa á seguridade de EUA. Na primavera de 1983, Reagan, nunha visita oficial a Barbados, advirte aos primeiros ministros de Barbados e Xamaica do perigo de “propagación do virus do comunismo dende Grenada” na rexión do Caribe. Cinicamente, pouco despois de comezada a invasión, Reagan dirixiuse á nación para lle comunicar que recibira un chamamento urxente das cinco nacións que integran a Organización de Estados do Caribe Oriental para “axudar nun esforzo conxunto encamiñado a restablecer a orde e a democracia na illa”. Margaret Thatcher, primeira ministra británica, queixouse de que EUA invadise un país da Commonwealth sen llo advertir.

### **Guatemala**

*a) 1954.* Operación da CIA para derrocar o Goberno de Jacobo Arbenz. Aprobación en agosto de 1953 polo Consello Nacional de Seguridade da Operación “Success”. O director da CIA, Foster Allen Dulles foi o axente executivo da operación, que se decidiu despois de que Arbenz anunciase a expropiación de 93.000 hectáreas de terra á compañía bananeira United Fruit Co.

Semanas despois da expropiación, Eisenhower ordena á CIA a planificación dunha contrarrevolución en Guatemala. A operación móntase nunha plantación en Honduras da United Fruit Co para adestrar unha forza invasora dirixida polo coronel Castillo Armas, elixido para mandar esa forza pola propia CIA. A invasión prodúcese o 18 de xuño de 1954, pero fracasa.

Arbenz decide entregar armas a unha milicia de obreiros e campesiños, e ante isto o Exército guatemalteco négase a cooperar con esa milicia e deixa caer a Arbenz, que dimite, pero deixa o Goberno en mans dun coronel liberal. E aquí entra en escena o embaixador ianqui, John Peurifoy, que se dirixe á casa dese coronel levando á vista unha pistola no sobrazo e fórzao a renunciar; inmediatamente, o poder é transferido a Castillo Armas, o home elixido pola CIA.

*b) 1960.* O 16 de novembro de 1960, un grupo de oficiais sublévase para derrocar a ditadura corrupta de Ydígoras Fuentes, pero a sublevación fracasa coa axuda de exiliados cubanos do Campo Trax (a base creada para invadir Cuba pola CIA) e da mariña ianqui que envía, por orde de Eisenhower, cinco buques e un continxente de 2.000 infantas de mariña.

*c) 1960-1977.* Axuda dos EUA en operacións de contrainsurrección, especialmente durante os gobernos de Méndez Montenegro e Arana Osorio, a tra-

vés dos asesores do Grupo de Asesoramento da Misión Militar estadounidense en Guatemala (35 en 1965) e dun continxente de boinas verdes das Forzas Especiais (preto dun milleiro).

### **Haití**

a) *Febreiro de 2004*. Golpe contra o presidente electo Jean Bertrand Aristide. Acúsase a Otto Reich e Roger Noriega, altos cargos da actual Administración de George W. Bush Jr, de proporcionar armas e fondos a grupos da oposición para crear desordes e xustificar o desembarco de infantas de mariña catro días antes do golpe.

### **Honduras**

a) *1954*. Uso dunha base en territorio hondureño para a cooperación da CIA contra Jacobo Arbenz en Guatemala.

b) *1961*. Uso da illa Swan, fronte á costa hondureña, no Atlántico, como centro de comunicacións para a invasión de baía de Cochinos en Cuba.

c) *1965*. Continxente de tropas hondureñas incorporado á “Forza Interamericana de Paz” que entra na República Dominicana cando a invasión de 1965.

d) *1980-1989*. EUA fai de Honduras o eixo das súas actividades para conter a guerrilla salvadoreña e loitar contra o Goberno sandinista. A base militar de Palmerola convértese na máis importante de EUA na rexión, e nela adestran as forzas armadas de Honduras e do Salvador e tamén a “contra” antisandinista. Esta “ocupación” de Honduras é dirixida polo xeneral Gustavo Álvarez do Exército hondureño e o embaixador John Negroponte, nomeado por Reagan. A embaixada ianqui en Tegucigalpa pasa a ser a terceira en persoal de toda Latinoamérica, despois das de México e Brasil, con 149 funcionarios; ademais, hai en 1982-83, 176 militares que asesoran ás forzas armadas hondureñas, 150 funcionarios da CIA, 114 boinas verdes e 50 especialistas do Exército do Aire estadounidense que operan unha estación de radar no monte Isopo para vixiar Nicaragua. A CIA gastou 21 millóns de dólares en 1983 e 24 millóns en 1984.

### **Nicaragua**

a) *1950-1978*. Apoio constante de EUA á dinastía dos Somoza e, especialmente, á Garda Nacional que recibe adestramento sobre todo en operacións na selva, intelixencia militar e interrogatorios. En total, entre 1968 e 1978, EUA proporcionaron ao exército nicaraguano case 20 millóns de dólares en axuda militar. Os Somoza, a cambio, prestarán unha valiosa colaboración a EUA en 1954, cando a invasión de Guatemala organizada pola CIA para derrocar a Arbenz; en 1961, para a invasión de baía de Cochinos en Cuba; e en 1965, participando cun continxente de soldados na invasión da República Dominicana.

b) *1981-1986*. Neste período, a Administración Reagan vaise implicar nun vasto plano para derrocar o Goberno sandinista. Primeiro, a CIA axudará a por en pé a Forza Democrática Nicaragüense, e nomea comandante a un ex-coronel somozista

Enrique Bermúdez. Reagan envía ao seu embaixador na ONU, Vernon Walters, a Arxentina para obter o apoio dos xenerais arxentinos no adestramento das forzas futuras da “contra” en campamentos en Honduras. En Miami, o coronel arxentino José Ollas informa aos líderes da “contra” antisandinista de que se chegou a un acordo non escrito entre os gobernos de EUA, Arxentina e Honduras para axudarlles. Os feitos principais das operacións encubertas contra Nicaragua son os seguintes:

1) Resolución presidencial de Reagan de marzo de 1981 aprobando a necesidade dunha operación para cortar o fluxo de armas á guerrilla salvadoreña dende Nicaragua. O grupo de planificación do Consello Nacional de Seguridade (CNS) aproba facer preparativos detallados, encargándose a CIA de elaborar un plano de actividades encubertas.

2) Bill Casey, director da CIA, somete o plano a Reagan e ao CNS. Reagan firma o 21 de novembro de 1981 o Documento de Decisión da Seguridade Nacional nº 17 (NSDD-17), aprobando o plano de Cassey.

3) Cancelación de toda axuda estadounidense a Nicaragua en marzo e setembro de 1981.

4) Financiamento do plano: 19 millóns de dólares en 1982, 21 millóns en 1983 e 24 millóns en 1984. Cando se aproba a emenda Boland, que prohibe toda axuda á “contra”, buscaranse outras fontes de financiamento: privadas, como os 6 millóns de dólares da National Endowment for the Preservation of Liberty; doazóns obtidas en reunións de información no CNS para grandes doadores, a dúas das cales asistiu o propio Reagan; da Arabia Saudí, tras unha reunión de Reagan co Rei Fahd en febreiro de 1985 (24 millóns de dólares en tres entregas, o que fixo subir a 32 millóns a axuda saudita total á “contra”; de Taiwán, 2 millóns en 1985; o desvío de cartos da venda de armas a Irán, suxerido polo coronel Oliver North, que sumou 3,2 millóns de dólares; e os 100 millóns de dólares que Reagan consegue que aprobe o Congreso en xuño de 1985.

Haberá unha xestión co sultán de Brunei en agosto de 1985, que acepta doar 10 millóns de dólares, a ingresar nunha conta nun banco en Xenebra, pero ao dar o número desa conta, a nome de Lake Resources, unha compañía propiedade do ex xeneral de brigada Richard Secord, cometeuse un erro de dous díxitos e os cartos foron a parar á conta dun médico suízo.

5) Compras de armamento, avións e municións para as operacións da “contra” por medio de sociedades interpostas.

6) Minado dos portos nicaraguenses de Corinto, Puerto Sandino, El Bluff e Potosí, dende un barco nodriza mercado pola CIA no verán de 1983, co obxecto de bloquear as importacións de armas e petróleo por Nicaragua. A operación discutiuse no Grupo de Planificación do CNS a proposta de Bill Casey, o director da CIA. O minado constituíu un claro acto de guerra segundo o Tratado de París de 1856 e as Convencións de A Haia de 1899 e 1907, e Nicaragua demandou a EUA ante a Corte Internacional de Xustiza que o 27 de xuño de 1986 condenou a EUA. A Administra-

ción Reagan rexeitou o fallo da Corte e o seu embaixador Vernon Walters, vetou unha resolución do Consello de Seguridade que pretendía executar o fallo da Corte.

7) Subministro de persoal da CIA e de mercenarios para pilotaxe de avións, sabotaxes, bombardeos, actividades de loxística, campañas de información...

8) Lanzamento do “Project Democracy” a mediados de 1984 para seguir financiando as operacións da “contra” tras a aprobación da Emenda Boland, que cortou os fondos á CIA. É o coronel Oliver North quen recibe do conselleiro de Seguridade Nacional, Robert McFarlane, a orde de organizar o “O Project Democracy”, que serviu para manter as actividades antisandinistas ata mediados de 1987.

### **O Salvador**

Este país caracterizouse por ter gobernos militares ou controlados polos militares dende 1931-34, co xeneral Hernández Martínez, ata a presidencia do demócrata-cristiá José Napoleón Duarte (1984-1988).

A feroz ditadura do xeneral Romero (1977-1979) provocará que se estenda a rebelión armada, que xa comezara a principios dos anos 70, coa creación da Fronte Farabundo Martí de Liberación Nacional (FMLN) en 1980. Pero durante a presidencia de John F. Kennedy iniciouse unha presenza intervencionista no Salvador, combinando a axuda no cadro da Alianza para o Progreso coa militar. Mesmo na presidencia de Carter darase axuda para a contrainsurrección, que vai aumentar fortemente durante a Administración Reagan. Os datos son estes:

a) Entre 1950 e 1979, a asistencia de EUA para seguridade elevouse a 16,7 millóns de dólares, e preto de 2.000 oficiais salvadoreños recibiron adestramento en contrainsurrección urbana, intelixencia militar e combate básico.

b) No marco da Alianza para o Progreso, O Salvador recibiu 63 millóns de dólares, pero para o ano 1969 máis de 300.000 salvadoreños deixaron o país “modelo” da Alianza para ir a buscar traballo en Honduras. En 1971, o número de familias campesiñas sen terra era máis do triple que en 1961, e isto nun país onde o 60% da poboación dependía da terra e o 1% das familias da capital, San Salvador, recibía máis renda que o 50% máis pobre. Esta miseria fará xurdir unha insurrección que vai durar ata os acordos de paz de xaneiro de 1992.

c) Co comezo dunha insurrección armada en 1970, EUA axuda con misións militares, asistencia militar, adestramento de militares salvadoreños na Escola das Américas, entrega de 4 helicópteros Bell e tres Douglas C-47 de transporte, etc, entre 1972 e 1977.

d) O golpe de outubro de 1979, que derrocou ao Xeneral Romero, marcou o comezo dunha fonda intervención de EUA nos asuntos internos do Salvador. Carter non dubidou en axudar ás forzas armadas salvadoreñas contra a rebelión. O diplomático James Cheek, do Departamento de Estado, lles promete o envío de 36 asesores militares para que esas forzas podan levar a cabo o que el chama operacións de “contrainsurrección limpa”. A Administración Carter reanuda a axuda militar e reprograma 5,7 millóns de dólares para o exercicio orzamental de 1980 para transpor-

te, comunicacións e equipo de intelixencia, e para o exercicio de 1981, outros 5,5 millóns para mercar patrulleiras, helicópteros, jeeps, camiós e radios. Nin o asasinato do arcebispo Arnulfo Romero en marzo de 1980 lle impediu ao presidente “pro dereitos humanos” Carter dar esa axuda, e iso que o arcebispo Romero lle implorara a Carter días antes de ser asasinado que cortara o fluxo de armas.

e) Con Reagan, a axuda gana un forte pulo a partir da publicación o 23 de febreiro de 1981 polo Departamento de Estado dun “Libro Branco” no que se denunciaba “o papel central que xogan os países comunistas” no Salvador, baseado en datos manipulados, segundo denunciaron os xornais “The Wall Street Journal”, “The Washington Post” e “The Nation” pouco despois. Pero o propósito de Reagan era que o Congreso se aviñera a aprobar fondos para O Salvador, e conseguíuno cando o senador Percy, presidente da Comisión de Relacións Exteriores do Senado, aceptou “fixar unha liña vermella” no Salvador.

A axuda militar de EUA pasou de 5,5 millóns de dólares en 1980 a 35,5 e 82 millóns en 1982 e 1983. En febreiro de 1981, o Departamento de Defensa de EUA cedeu gratuitamente en réxime de arrendamento 10 helicópteros Huey para operacións de “search and destroy” ao estilo das que se realizaron en Vietnam. En marzo de 1983, Reagan declara que unha vitoria da “guerrilla comunista” no Salvador uniría este país a Cuba e Nicaragua e que o “efecto dominó” estenderíase a toda a rexión, chegando a afectar a Panamá e México. Tras a elección de Duarte como presidente do Salvador en xuño de 1984, Reagan conseguirá que o Congreso aprrobe 193 millóns de dólares de axuda militar ás forzas armadas salvadoreñas. A intervención estadounidense continuará a bo ritmo nos catro últimos anos da presidencia de Reagan.

### **Panamá**

a) 1964. Incidente das bandeiras na zona do Canal. Haberá 24 mortos panameños por disparos das forzas estadounidenses, máis centenaes de feridos panameños e tres soldados estadounidenses mortos. Este incidente levará aos primeiros contactos para revisar o Tratado do Canal de 1903. Será o xeneral Omar Torrijos quen, cunha política hábil, consiga firmar un novo tratado co presidente James Carter en agosto de 1977, que será referendado polo pobo panameño en outubro dese ano, e polo Senado de EUA en abril de 1978.

O 1 de xaneiro de 2000 pasou a Panamá a soberanía, pero un segundo tratado asinado xunto ao principal, estipula que EUA terá un dereito permanente a defender a neutralidade do Canal contra calquera ameaza, sexa exterior ou panameña: isto dá aos EUA un dereito de intervir militarmente na zona do Canal cando eles o consideren necesario e, como dixo en 1977 o xeneral George Brown, presidente do Estado Maior Conxunto das Forzas Armadas estadounidenses, aquela cláusula significaba “defender o Canal mesmo contra Panamá”.

b) 1989. A morte de Torrijos en agosto de 1981 supuxo o ascenso ao poder político-militar de Manuel Noriega, xefe da Intelixencia Militar, que pouco despois

se converterá en comandante da Garda Nacional. Noriega foi confidente da CIA durante case trinta anos, ademais de estar implicado en operacións de narcotráfico, contrabando de armas e lavado de cartos. Pero era útil para a CIA e, pese a esas acusacións, o director da CIA William Casey, declarou en 1989 que non denunciou a Noriega porque “estaba proporcionando un apoio útil ás nosas políticas en Centroamérica, especialmente en Nicaragua”. Por exemplo, a CIA deulle 11 millóns de dólares a Noriega para mercar armas para a “contra”.

Pero a destitución do presidente Barletta por Noriega en setembro de 1984 marca o comezo do enfrontamento con EUA. Comeza aquí un longo período de inestabilidade en Panamá que fai que a Administración Reagan vexa con inquietude a seguridade do Canal. En marzo de 1988, o Senado aproba unha resolución na que din que “a axitación en Panamá é unha insólita e extraordinaria ameaza para a seguridade nacional, a política exterior e a economía de EUA”. O Senado urxe a Reagan a intensificar as presións económicas e diplomáticas contra Noriega, e con esta declaración Reagan síntese coas mans libres para intervir en lexítima defensa. Houbo ofrecementos a Noriega para que deixase Panamá, que este rexeita.

En xaneiro de 1989 sae Reagan da Casa Branca e entra George W. Bush pai, quen tivo a Noriega na nómina da CIA cando aquel era director desta en 1976-1977. Ao mes de tomar posesión, Bush aproba o plano da CIA para botar a Noriega e consegue que o Congreso asigne 10 millóns de dólares para financiarlo. En abril de 1989, a intelixencia panameña dismantela unha rede de estacións de radio e televisión montada pola CIA e o axente que deteñen, Kurt Muse, confesa que era unha operación para crear o caos e fomentar unha sublevación popular.

A anulación das eleccións xerais de maio de 1989 vai ser o detonante da intervención militar. A mediación da OEA fracasará. O 3 de outubro haberá un intento de golpe contra Noriega, que fracasa. A tensión chega ao máximo e, finalmente, na madrugada do 20 de decembro de 1989, comeza a operación de invasión, bautizada co nome de “Causa Xusta”: 26.000 soldados entran en Panamá e, en poucas horas ocupan a súa capital, Cidade de Panamá.

Pero o mesmo 20 de decembro, ás 2 da mañá, Guillermo Endara, Arias e Ford toman posesión dos cargos de presidente e vicepresidente en Fort Clayton, unha base ianqui do Canal, ante o xefe do Comando Sur, o xeneral Thurman, e acto realizado dúas horas antes de que comezara a invasión.

O Consello de Seguridade de Nacións Unidas, convocado de urxencia a petición de Nicaragua, vota unha resolución que deplora a intervención armada de EUA por considerala unha “flagrante violación do dereito internacional e da independencia, soberanía e integridade dos Estados” e pide “o cese inmediato da intervención e retirada das tropas”. Votan a favor dez países e en contra EUA, Canadá, Reino Unido e Francia, e o triplo veto impide que sexa aprobada.

O obxectivo da invasión, o declarado por suposto, era capturar a Noriega, e para capturar a un solo home a invasión ianqui causou máis de 3.000 mortos panameños, civís case todos, a causa dos bombardeos dos barrios populares de El Chorri-

llo e San Miguelito. Dez días despois da invasión, Noriega entrégase e é trasladado a EUA, onde o xulgan por narcotráfico e condénanos a 40 anos.

A invasión decidiuse tres meses antes, segundo declarou logo no Congreso Robert Gates, alto cargo da CIA (logo nomeado director por Bush en 1991), pero en agosto de 1988 a operación xa estaba prevista no documento “Unha estratexia para América Latina nos anos noventa”, redactado polo Comité de Santa Fe, no que se propón o establecemento dun goberno democrático en Panamá, e a expulsión de Noriega para logo negociar con ese goberno o control “adechado” do Canal e a conservación por EUA das súas instalacións militares, “principalmente a base aérea de Howard e a estación naval de Rodean para a apropiada proxección da forza en todo o hemisferio occidental”. Segundo se soubo hai pouco, Noriega podería saír da cadea en liberdade condicional en 2007...

### **República Dominicana**

a) 1965. Invasión por forzas armadas de EUA o 28 de abril, baixo a Administración de Lyndon Johnson. A ela chegouse polo interese xa en 1960 da Administración Eisenhower de impedir que ese país se convertese noutra “Cuba”, e isto supoñía tirar abaixo a ditadura de Rafael Trujillo, de poder ser convencéndoo de que se fose ao estranxeiro e deixase o poder.

En xuño de 1960, EUA consegue que a OEA condene ao réxime de Trujillo por violación dos dereitos humanos, cousa que levaba facendo dende que tomou o poder en agosto de 1930. En agosto, EUA rompeu as relacións diplomáticas co goberno de Trujillo, e o propio Eisenhower estaba disposto a intervir directamente se Trujillo era derrocado e se creaba un goberno provisional: chegou a lle dicir ao seu secretario de Estado o seguinte: “Se ese goberno asume o poder, debemos recoñecelo rapidamente. Logo, se fai falla, poderíamos mover tropas alí a petición súa”.

O dilema resolveuse co asasinato de Trujillo o 30 de maio de 1961, con Kennedy como presidente de EUA. No asasinato de Trujillo houbo colaboración da CIA, tras a aprobación polo Grupo Especial do CNS, en decembro de 1960, dun plano de accións encubertas de apoio aos grupos antitrujillistas, e o 12 de xaneiro de 1961 apróbase a entrega de armas lixeiras e outro material aos disidentes dentro da República Dominicana. O 31 de marzo de 1961, a Oficina Central da CIA autorizou por cable ao xefe da estación da CIA en Santo Domingo para que entregase tres rifles M1 do calibre 30 aos conspiradores, armas que chegaron a poder de Antonio de la Maza, un dos executores de Trujillo.

Tras a morte do ditador, fórmase un novo goberno con Joaquín Balaguer na presidencia da República. A Kennedy plantóuselle o problema da inestabilidade do país e o medo a unha “toma do poder de tipo castrista” e ante isto diralle ao historiador Arthur Schlesinger o seguinte: “Hai tres posibilidades en orde decrecente: un réxime democrático decente, unha continuación do réxime trujillista ou un réxime castrista. Debemos ir a polo primeiro, pero en realidade non podemos renunciar á segunda ata que esteamos seguros de que poderemos evitar

a terceira”. Dito en prata, Kennedy prefería unha ditadura de extrema dereita a un réxime castrista.

Balaguer presentará a renuncia en xaneiro de 1962, e o 20 de decembro Juan Bosch gaña as eleccións cun gran apoio popular. Bosch iniciou unha política de independencia respecto do control que exercía EUA sobre o país e de redución dos privilexios da oligarquía dominicana. No seu discurso inaugural, Bosch declarou, tras tomar posesión en febreiro de 1963: “Estamos intentando cambiar a nosa imaxe, a imaxe moral, política, económica do país [...] Estámolo transformando nunha democracia revolucionaria”.

A reacción do embaixador estadounidense, John Bartlow Martin, foi inmediata: “Bosch é un divisor, un seccionista, un maquinador, un destrutor”. Xornais estadounidenses comezaron a atacar a Bosch, e a CIA empezou a enviar informes a Washington con rumores dunha conspiración comunista. O que levou a Johnson a ordenar a invasión, segundo el mesmo anotou nas súas memorias. Pero xa o 25 de abril pola mañá, Johnson ordenou que a flota do Atlántico achegase buques á costa de Santo Domingo. Tamén se autorizou ao Encargado de Negocios da Embaixada a que apoiase a formación dunha xunta militar, o que significa que dende o comezo a Administración Johnson opúxose ao regreso de Bosch á presidencia dominicana.

O 28 de abril desembarcou o primeiro continxente de infantería de mariña e, nos días sucesivos, as tropas desembarcadas alcanzaron os 23.000 homes. A forza estadounidense non se mantivo neutral pois axudou claramente ás forzas do xeneral Wesin, que o mesmo 28 de abril nomeou unha xunta militar, nos combates contra as forzas constitucionalistas dirixidas polo coronel Caamaño.

O 2 de maio, Johnson dirixiuse á nación estadounidense para xustificar a invasión co argumento de impedir que os comunistas collesen o poder na República Dominicana e dixo, entre outras cousas, o seguinte: “As nacións americanas non poden nin deben permitir nin permitirán o establecemento doutro goberno comunista no hemisferio occidental [...] Pero a revolución en calquera país é un asunto que ese país debe afrontar por si mesmo. É un asunto que esixe unha acción a nivel de todo o hemisferio soamente –e repito, soamente– cando o obxecto é o establecemento dunha ditadura comunista”.

Tres semanas despois da invasión, Johnson emitirá esta opinión sobre o significado xurídico da intervención na República Dominicana: “O primeiro feito é que os vellos conceptos e as vellas etiquetas quedaron en boa medida obsoletos. No mundo de hoxe, cos inimigos da liberdade falando de “guerras de liberación nacional”, a vella distinción entre “guerra civil” e “guerra internacional” perdeu unha gran parte do seu significado”. Este comentario recolle o que logo se bautizou como “Doutrina Johnson”, que veu a afirmar a asunción practicamente ilimitada do dereito léxítimo de EUA a proceder a unha intervención armada nunha guerra civil, que servise a Reagan para intervir no Salvador, Nicaragua, Honduras, etc.

Despois da invasión, o Departamento de Estado iniciou unha campaña de oposición ao concepto da non intervención. O subsecretario de Estado, Thomas Mann,

afirmará que a Carta da ONU e o Tratado da OEA estaban redactados en “termos do século XIX”. O 7 de maio, Averall Harriman, subsecretario de Estado para Asuntos Políticos, declarou en Montevideo que o principio da non intervención estaba quedando “obsoleto”. No Congreso aprobouse unha resolución proposta polo deputado Selden en que se lexitimaba o uso unilateral da forza nun territorio estranxeiro por calquera nación que se xulgase ameazada, directa ou indirectamente, polo comunismo internacional.

Pero no caso da invasión ordenada por Johnson, o propósito primeiro foi evitar e destruír unha revolución popular de masas que, a ollos de EUA, podía acabar coa influencia que dende o século XIX viña exercendo nun país cunha economía que estaba dominada polos intereses estadounidenses.

Para cubrir “xuridicamente” a intervención, o presidente Johnson, cando deu as ordes para que a infantería de mariña desembarcase en Santo Domingo o 28 de abril ás 18:36 horas, pediu que a xunta militar que dirixía o país dende o golpe de 1963 demandáselle por escrito a intervención militar de EUA invocando na solicitude como razón, a de protexer as vidas e as propiedades de cidadáns estadounidenses.

A invasión custou entre 3.000 e 4.000 vidas e, como dixo o senador William Fulbright o 15 de setembro de 1965, foi dobremente ilegal por infrinxir os artigos 15 e 17 da Carta da OEA e eludir o artigo 6 que esixe consultas previas e un acordo para adoptar calquera medida para o mantemento da paz e a seguridade do continente. Un correspondente da revista “Time”, Sam Halper, afirmou tempo despois, nunha columna de 10 de maio de 1965, que o golpe militar contra Bosch púxose en marcha “tan axiña como recibiron un sinal do Pentágono estadounidense”.

O golpe deuse o 25 de setembro de 1963. Kennedy rompeu as relacións diplomáticas, pero morreu en novembro, e Lyndon Johnson recoñeceu a xunta militar o 14 de decembro. Ao longo dos 19 meses que durou o goberno de Reid Cabral en Santo Domingo foise creando un movemento constitucionalista formado por oficiais das forzas armadas, profesionais, organizacións sindicais e grupos de estudantes, xunto co Partido Revolucionario Democrático, PRD, de Bosch e o Partido Revolucionario Social Cristiá, PRSC, a favor do restablecemento do goberno legal de Bosch e da Constitución de 1963.

A sublevación estalou o 24 de abril de 1965, e para o día seguinte os sublevados tiñan case gañada a partida. Pero xa ese día a embaixada ianqui en Santo Domingo decidiu apoiar aos militares “leais”: ese día o encargado de Negocios, William Connet, telegrafou a Washington indicando que había “unha seria ameaza de toma do poder por comunistas”. O novo embaixador, W. T. Bennet, enviou un cable a Washington o 28 de abril no que urxía a deter o movemento pro-Bosch a toda costa ou senón implantaríase o extremismo “en seis meses” na República Dominicana.

Pero nos dous días anteriores, a embaixada dedicouse a dar aos xornalistas estadounidenses presentes na illa toda clase de informes alarmistas, relatos de “atrocidades” dos sublevados, como dicir que os rebeldes paseaban polas rúas as cabezas

cortadas das súas vítimas e que había execucións masivas. Ademais, pasoulles unha lista de 53 comunistas dominicanos que, segundo ela, dirixían a rebelión, que logo se demostrou estaba chea de erros, pois moitos deles ou estaban presos ou no estranxeiro.

O telegrama de Bennet foi o que decidiu a Lyndon Johnson a ordenar a invasión da República Dominicana, e a pesar da suposta neutralidade oficial, a forza expedicionaria de infantés de mariña estadounidense invadiron as posicións dos constitucionalistas e continuaron subministrando armas, alimentos e asesoramento e mesmo atacaron aquelas posicións. No terreo político, a Administración Johnson forzou ao xeneral Wesin a saír do país, apoiou ao xeneral Imbert, a quen lle entregou 21 millóns de dólares para que aceptase formar un goberno provisional. Tras desfacerse de Imbert en setembro de 1965, EUA forzou a instalación doutro goberno provisional ata que en xuño de 1966, celebráronse novas eleccións presidenciais nas que resultou gañador Joaquín Balaguer, o ex-presidente da era trujillista, grazas ao inmenso apoio de EUA.

---

*Xoán Anllo colaborou co Tribunal Russell II, prolongación do Tribunal Russell, creado a iniciativa do famoso pensador inglés Bertrand Russell para investigar os crimes cometidos polas tropas norteamericanas en Vietnam. Reunido en dúas ocasións (Roma, en abril de 1974, e Bruxelas, en xaneiro de 1975), o Tribunal Russell II dedicouse a investigar a situación imperante en diversos países de América Latina, e reunírase novamente para completar os seus traballos referentes ás múltiples violacións dos dereitos humanos e dos dereitos dos pobos en Brasil, Chile, Uruguai, Bolivia, Paraguai e outros países do continente latinoamericano.*